



# BOP

VENRES, 16 DE ABRIL DE 2021

N.º 085

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Fernando López Lago solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.71470

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda unifamiliar na parcela con referencia catastral 9868013PJ2396N0000WU, acondicionamento e peche da parcela e retirada de canalización no paso que da acceso á parcela sobre o rego Figueirido e acondicionamento deste, no lugar de Figueirido, na parroquia de Sargadelos, no concello de Cervo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Cervo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 9 de abril de 2021.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0965

#### XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

**Resolución do 30 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2020-07AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: UFD Distribución electricidade S.A.
- Domicilio Social: Avda. San Luis, 77. 28033 Madrid
- Denominación: "RETRANQUEO LMTS LUGAR SAAMASAS, 0(LUGO) e o seu ANEXO"
- Situación: concello de Lugo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña con número de visado 294/20-CO en datas 4 de febreiro de 2020 e 11 de xuño de 2020 respectivamente.
- Características técnicas principais:
  - Liña de media tensión aérea LUG 801 Gomean 1 con orixe no apoio existente BOPJ8CU8//D10 e final no apoio proxectado 2xC-7000-22//D11N, cunha lonxitude de 45 metros de condutor tipo LA-110.
  - Liña de media tensión aérea LUG 802 Guntín 2 con orixe no apoio existente BOPJ8CU8//D10 e final no apoio proxectado 2xC-7000-22//D11N, cunha lonxitude de 45 metros de condutor tipo LA-110.
  - Liña de media tensión soterrada LUG 801 Gomean 1 con orixe no apoio proxectado 2xC-7000-22//D11N e final no apoio proxectado 2xC-9000-16//D14N cunha lonxitude de 575 metros de condutor tipo RHZ1-240mm.

- Liña de media tensión soterrada LUG 802 Guntín 2 con orixe no apoio proxectado 2xC-7000-22//D11N e final no apoio proxectado 2xC-9000-16//D14N cunha lonxitude de 575 metros de condutor tipo RHZ1-240mm.
- Finalidade da instalación : Recuamento de instalacións
- Documentación complementaria:
- Separata para o Concello de Lugo.
  - Separata para a Deputación Provincial de Lugo.
  - Separata para o Ministerio de Fomento.
  - Separata para a Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 30 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0966

## CONCELLOS

### BEGONTE

#### *Anuncio*

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

De conformidade coas atribucións que me están conferidas polo artigo 23.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, o artigo 61.3 e 4 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión do goberno municipal, por medio do presente RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Modificar a Resolución desta Alcaldía nº 0286/2019, do 24 de xuño de 2019, de delegación de atribucións nos sres.concelleiros nos seguintes termos:

a).- A prol do sr. concelleiro D. Luis Luaña Castelo, as delegacións nas seguintes áreas: Electrificación, Réxime Interior, Educación e Deportes, Abastecemento de Augas e Promoción do Emprego, comprendendo:

- Delegación Xeral da Alcaldía.
- Réxime interior.

- Accesibilidade universal.
- Xestión da Biomasa.
- Dirección e impulso en materia de Educación e Deportes.
- Abastecemento de augas.
- Promoción do Emprego.

b).- A prol da sra. concelleira Dna. Aurora Braña Veiga, a área de Familia, comprendendo:

- Programas propios destinados á infancia e terceira idade.

c).- A prol da sra. concelleira, Dna. Sonia Varela García, as áreas de Cultura e Igualdade, comprendendo:

- Dirección e Impulso en materia de Cultura.
- Dirección e Impulso en materia de Igualdade.
- Promoción e relación cos movementos asociativos.

SEGUNDO.- As facultades que se delegan comprenden a dirección, xestión e impulso dos asuntos correspondentes e non inclúen as de dictar resolución ou actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- A presente delegación surtirá efectos dende o día seguinte á data da presente resolución, previa aceptación dos interesados nos termos do artigo 114 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

CUARTO.- Publíquese a parte dispositiva desta resolución no Boletín oficial da Provincia de Lugo. Notifíquese persoalmente ao interesado e déaselle conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Mándao e asínao, o sr. Alcalde-Presidente en Begonte a nove de abril de dous mil vinte un, de todo o cal eu Secretario dou fe.

Begonte, 9 de abril de 2021.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha, O Secretario, Antonio Lorenzo Morandeira.

R. 0967

---

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 7 de abril de 2021 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de marzo de 2021, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 7 de abril de 2021.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0968

---

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 1º trimestre de 2021, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados oídan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do

Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 30 de xuño de 2021, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 9 de abril de 2021.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0969

## LUGO

### Anuncio

A Ilma. Sra. dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, en virtude de delegación da Xunta de Goberno Local segundo o seu Acordo número 28/452, do 17 de xullo de 2019, ditou o Decreto núm. 2514/2021, polo que se aproban os padróns de contribuíntes obrigados ó pagamento do Imposto Sobre Bens Inmóbiles de Natureza Urbana, Rústica e de Características Especiais para o ano 2021.

Conforme ó disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, os padróns aprobados quedan expostos ó público (no Servizo de Facenda Local, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, 197, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

No caso da non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados nas oficinas de Facenda Local do Centro de Servizos Municipais, sito na Ronda da Muralla, 197, 2º andar, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar tal condición, para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenenta de Alcalde-Delegada da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 5 de abril de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Ilma. Sra. dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0970

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de abril de 2021 adoptou, entre outros, o acordo relativo á MODIFICACIÓN DO ACORDO 15/15 "MODIFICACIÓN DO ACORDO 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO" cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

**“PRIMEIRO.-** Modificación do acordo 15/15 MODIFICACIÓN DO ACORDO 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO, de xeito que **onde di:**

### 3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser funcionarios/as de carreira de calquera Administración Pública, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo, cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar, sen ter transcorrido o prazo legal obrigatorio de permanencia de seis meses dende que ocupou con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso.”

**debe dicir:**

### 3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser funcionarios/as de carreira de calquera Administración Pública, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo, cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar neste concurso.”

**SEGUNDO.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

**TERCEIRO.-** Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes que será de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación no “Boletín Oficial do Estado” do presente acordo.”

Lugo, 13 de abril de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 0996

## AS NOGAIS

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 8 de abril de 2021 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de marzo de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 8 de abril de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0971

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 12/04/2021, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2021, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fíxase o período de cobro en voluntaria os días 13/04/2021 e 14/06/2021, ambos inclusive. Exponse ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 12 de abril de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0997

## OUTEIRO DE REI

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

A crise sanitaria do COVID-19 conlevou a adopción de medidas de distanciamento social que afectaron gravísimamente á actividade económica nacional.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 iniciou un longo percorrido de limitacións no exercizo das actividades económicas, cuxa última expresión, case un ano máis tarde, se recollen no DOGA de 26 de xaneiro de 2021.

As restriccións que afectan ao libre e normal exercizo das actividades económicas van dende o peche total da actividade, até a redución dos aforos ou a obrigatoria implementación de medidas preventivas fronte ao COVID-19.

Estas medidas, ao tempo que supoñen unha indudable merma nos ingresos implican un cuantioso gasto (hdroxeles, manparas e demais elementos de distanciamento social).

Coa finalidade de contribuir a paliar os danos que sufriron estes sectores, considérase convinte adoptar determinadas medidas de natureza tributaria. Ditas medidas serían temporais e permitirían diminuír os custos de mantemento dos negocios durante a vixencia das medidas restrictivas e, deste xeito, reducir o impacto da perda de ingresos.

Por tal motivo, o Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

*"PRIMEIRO: Aprobar unha exención extraordinaria da obriga de contribuir correspondente á taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, abastecemento domiciliario de auga potable e evacuación de augas residuais aos titulares de locais afectados polo peche de actividades previsto na orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA Núm. 16- Bis. Martes, 26 de xaneiro de 2021).*

*Dita exención aplicarase exclusivamente ao primeiro semestre do ano 2021, tendo efectos retroactivos dende o día 1 de xaneiro de 2021".*

De conformidade co disposto no artigo 17 do TRLHL, mediante anuncio publicado no BOP de día 8 de marzo de 2021, iniciouse un período de información pública a fin de que calquer interesado presentase as alegacións que estime convintes.

Unha vez transcurrido dito prazo conséntase que non se presentou alegación ou reclamación algunha, motivo polo cal, en virtude do citado artigo 17 TRLHL, elévase automaticamente a definitivo o dito acordo provisional.

Outeiro de Rei, 8 de abril de 2021. O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0972

## O PÁRAMO

### Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 9/04/2021**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **MARZO** de 2021, polo importe total de **3008,13€**

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 9 de abril de 2021.- O Alcalde, Jose Luis López López.

R. 0973

## QUIROGA

### Anuncio

Notificación de Execución subsidiaria con entrada en domicilio

Notificar a Don Luís Nogueira Gómez, Dona María Dolores Vázquez Rodríguez, Don José Nogueira Gómez e Dona Eva Veloso como propietarios, a declaración de ruína do inmovible sito na rúa Real 51, en Quiroga (Lugo).

O alcalde, Julio Álvarez Núñez, o 13 de xullo de 2020, ditando a seguinte resolución, do teor literal seguinte:

**“Expediente nº: 255/2019**

**Procedemento:** Execución subsidiaria con entrada a domicilio

**Asunto:** Derrubo de edificación por declaración de ruína

**Trámite:** Resolución de Alcaldía de Execución Subsidiaria

**Identificación do Inmovible:** Referencia Catastral: 2143208PH4024S0001QW Dirección: Rúa Real, 51, Quiroga (Lugo)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA

*Incoado o procedemento de declaración de ruína de oficio, examinados os informes técnicos e de conformidade cos artigos 141 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e 346 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro,*

*Vistas as notificacións de apertura do trámite de audiencia enviadas aos interesados coa Resolución de Alcaldía da declaración de ruína. Asemade a publicación no Diario Oficial de Galicia da Resolución e os datos do expediente para consulta durante 20 días dende o seguinte á publicación nas dependencias municipais.*

*Visto o Certificado de Secretaría da non presentación de alegacións polos interesados.*

*Vista a incomparecencia e inactividade dos interesados e xustificada a urxencia da demolición do inmovible polo perigo que ocasiona o encontrarse nunha rúa pública, e por seguridade polo dano que pode ocasionar aos viandantes.*

*En virtude do previsto nos artigos 136.5 da Lei 2/2016, de 10 febreiro, do Solo de Galicia, e 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,*

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** *Proceder á execución subsidiaria da orde de demolición do inmovible sito na rúa real nº 51 de Quiroga, con referencia catastral 2143208PH4024S0001QW, por declaración de ruína e imposibilidade de ser reparado.*

**SEGUNDO.** *Comunicar aos propietarios a presente resolución mediante notificación por correo e solicitar a autorización para entrada no inmovible.*

**TERCEIRO.** *No caso de non ter a autorización dos propietarios, solicitar Autorización Xudicial ao Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo para acceder a edificación e levar a cabo as obras de derrubamento da mesma.*

**CUARTO.** *O importe dos gastos, danos e prexuízos esixírase conforme ao disposto nos artigos 101 e 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”*

Intentada a devandita notificación sen efecto, procedese o presente anuncio para que as partes afectadas poidan efectuar as oportunas alegacións en relación á entrada no sinalado domicilio para a súa demolición, no prazo de 10 días desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Quiroga, 9 de abril de 2021.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 0974

**RÁBADE***Anuncio*

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante Resolución da Alcaldía de data 22 de marzo de 2021, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello de Rábade para o ano 2021, que comprende a praza de funcionario de carreira dotada no orzamento da Corporación, co seguinte detalle:

Núm. vacantes	Denominación	Escala/Subescala	Grupo	Tipo de persoal
1	Administrativo	Administración Xeral/ Administrativa	C1	Funcionario de Carreira

Rábade, 22 de marzo de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0796

**SOBER***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 9 de abril de 2021, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo Gardería Infantil no Punto de Atención á Infancia do Concello de Sober, correspondente ao mes de Abril de 2021.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 9 de abril de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0975

**VIVEIRO***Anuncio*

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa de Recollida de Lixo e Canon de Auga (1º trimestre do exercicio 2021) e anuncios de cobranza.

Con data de 07 de Abril de 2021 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

<u>Obxecto</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Recollida de lixos	1º Trimestre de 2021	308.139,79 €
Canon auga (Xunta)	1º Trimestre de 2021	73.686,23 €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.



**Anuncios de cobranza :**

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- 1) O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **09 de Abril de 2021 ao 09 de Xuño de 2021**, ambos inclusive.
- 2) Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
- 3) Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e avírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciárase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 9 de abril de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0976

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****XULGADO DO SOCIAL N.º 1 LUGO***Anuncio*

D. RAFAEL GONZALEZ ALIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 1 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D. JORGE ALBERTO RIVERO PEREZ contra RESTAURANTE BRASERIA DE LEÑA EL CAÑÓN DE LA RIBEIRA SACRA SL, FOGASA en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 17/2021 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar a RESTAURANTE BRASERIA DE LEÑA EL CAÑÓN DE LA RIBEIRA SACRA SL**, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el **día 20/04/2021 a las 12:35 horas y 12:45 horas**, en Planta 4 - Sala 9 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Asimismo se ha acordado citarle para su asistencia al acto del juicio, a fin de practicar, en su caso la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiere intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **RESTAURANTE BRASERIA DE LEÑA EL CAÑÓN DE LA RIBEIRA SACRA SL**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y colocación en el tablón de anuncios.

LUGO, treinta y uno de marzo de dos mil veintiuno.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0977